



# BOP

MARTES, 3 DE DECEMBRO DE 2024

N.º 279

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

#### *Anuncio*

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio 2025 cos documentos que o conforman, incluída a Plantilla de Persoal e Relación-Catálogo de Postos de Traballo. De conformidade co previsto para os efectos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións de aplicación, o citado expediente exponse ao público na Secretaria-Intervención do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, sita na Excm. Deputación Provincial de Lugo a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do artigo 170 dese texto legal, poidan examinalo e presentar reclamacións polos motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 170 citado e durante o prazo de 15 días hábiles.

Así mesmo, faise saber que transcorrido o devandito prazo sen que se presenten reclamacións o orzamento de 2024 considerárase definitivamente aprobado, procedéndose á súa publicación tal e como determina o artigo 169.3 do citado Texto refundido e coa finalidade da súa entrada en vigor.

No caso de se producir reclamacións serán elevadas ao Pleno do Consorcio, previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación definitiva expreso. Unha vez aprobado procederase de seguido á súa publicación tal e como se establece no apartado precedente para a súa entrada en vigor.

Lugo, 29 de novembro de 2024.- O SECRETARIO DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3839

### CONCELLOS

ALFOZ

#### *Anuncio*

O Pleno desta entidade, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de novembro de dous mil vintecatro, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 7/2024, modalidade crédito extraordinario financiado con cargo a remanente líquido de tesorería resultante da liquidación do orzamento do exercicio anterior.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade (<http://concellodealfoz.sedelectronica.es>).

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Alfoz, 29 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3840

**BECERREÁ***Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 18/11/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 02/02/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de novembro de 2024.- Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3819

*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 20/11/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón da Taxa por Ocupación de Beirarrúas con mesas e sillas correspondente ao ano 2024.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/02/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de novembro de 2024.- Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3820

---

### *Anuncio*

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 18/11/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 02/02/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de novembro de 2024.- Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3821

## BÓVEDA

### Anuncio

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DA TAXA POLO MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DO ANO 2024**

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, aprobouse mediante Resolución de Alcaldía, núm.: 2024-0752, de data 22 de novembro de 2024, o Padrón Fiscal correspondente á Taxa polo mantemento e conservación do Cemiterio Municipal, correspondente ao ano 2024, que queda exposto na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, sito na Avda. Alfonso XIII nº: 85 de Bóveda, durante o prazo de quince días, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o seguinte á publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o citado período de exposición pública, as persoas lexitimadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións ao padrón mencionado.

#### a) Prazos de ingreso:

O prazo de ingreso do padrón debe realizarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública e notificación colectiva no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

#### b) Modalidade de cobro:

O pagamento poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Ingresando na Conta de A BANCA, nº E578-2080-0159-8631-1000-0018, da que é titular este Concello, na forma e prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria (BOE 18 decembro 2003, núm. 302, [páx. 44987]), facendo constar o número: **867/2024** e o concepto **CEMITERIO 2024**.

- Domiciliación bancaria efectuada ao efecto.

#### c) Período executivo:

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectúe o pago, as débedas exixiranse polo procedemento de prema prevista nos artigos 163 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 70 e ss do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación -RGR-, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

#### d) Recursos:

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados só poderá interpor o recurso de reposición a que se refire o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da presente resolución. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por queda de repartición lle corresponda, no prazo de dous meses contados a partir da notificación. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime conveniente ao seu dereito.

Bóveda, 28 de novembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 3822

---

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.**

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, aprobouse mediante Resolución de Alcaldía de data, n.º: 2024-0754, de data 22 de novembro de 2024, o Padrón Fiscal correspondente á Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2024, que queda exposto na Sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sito na Avda. Alfonso XIII n.º: 85 de Bóveda, durante o prazo de quince días, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o seguinte á publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o citado período de exposición pública, as persoas lexitimadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións ao padrón mencionado.

a) Prazos de ingreso:

O prazo de ingreso do padrón debe realizarse no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública e notificación colectiva no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

b) Modalidade de cobro:

O pagamento poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Ingresando na Conta, de A BANCA, nº ES78-2080-0159-8631-1000-0018, da que é titular este Concello, na forma e prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria (BOE 18 decembro 2003, núm. 302, [páx. 44987]), facendo constar o número: **874/2024** e o concepto **VADO 2024**.

- Domiciliación bancaria efectuada ao efecto.

c) Período executivo:

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectúe o pago, as débedas esixiranse polo procedemento de prema previsto nos artigos 163 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 70 e ss do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación -RGR-, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

d) Recursos:

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados só poderán interpor o recurso de reposición ao que se refire o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da presente resolución. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por quenda de repartición correspóndalle, no prazo de dous meses contados da notificación. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime conveniente ao seu dereito.

Bóveda, 28 de novembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 3823

---

**CERVO***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de novembro de 2024, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de outubro de 2024 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal, así como, o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 5º bimestre de 2024 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 10 de decembro de 2024 ao 13 de febreiro de 2025. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 29 de novembro de 2024.- A Alcaldesa; María Dolores García Caramés.

R. 3841

**A FONSAGRADA***Anuncio*

**Procedemento:** Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 1509/2024

Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de outubro do 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 25 de novembro de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2024, polo importe total de 12.904,40€ (dependencia) e 350,40€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 25 de novembro de 2024. O Alcalde, Carlos López López.

R. 3824

**GUITIRIZ***Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns fiscais do servizo público do Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2024, e do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente a segunda quincena de outubro 2024, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2024, integrado por 20 recibos por importe total de 7.373,00 €.

2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrència e dependencia correspondente a segunda quincena de outubro de 2024, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrència: 2.370,60 €

- Modalidade dependencia: 3.009,68 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2024 e do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente a segunda quincena de outubro de 2024, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 26 de novembro de 2024.- A Alcadesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3825

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA OUTUBRO 2024**

Por Xunta de Goberno Local do día 18.11.2024 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de OUTUBRO de 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 04.12.2024 ata o 04.02.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de novembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3826

---

## PARADELA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2025**

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2024, o Proxecto de Orzamento Xeral, as bases de execución, o anexo de inversións e cadros de

financiamento e o cadro de persoal para o exercicio 2025, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Paradela, 28 de novembro de 2024.- A ALCALDESA – PRESIDENTA, D<sup>a</sup>. María Montserrat Mulet Sar.

R. 3842

---

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **CORRECCION ERRO NA ORDENANZA DE CREACIÓN E REGULACION DO REXISTRO ELECTRONICO.-**

Por acordo do Pleno de data 6 de maio de 2010, se aproba a Ordenanza de creación e regulación do rexistro electrónico.

Visto a existencia de error material en dita Ordenanza, por acordo do Pleno de data 30 de novembro de 2023 se rectifica o devandito error material existente na mesma, da seguinte maneira:

#### ***Onde di:***

***<http://concellodapontenova.sedelectronica.es/>***

*Artigo 5: Acceso ao Rexistro electrónico*

*O acceso ao Rexistro electrónico realizarase a través da Sede Electrónico do Concello da Pontenova situada na seguinte dirección URL:*

#### ***Debe dicir:***

*Artigo 5: Acceso ao Rexistro electrónico*

*O acceso ao Rexistro electrónico realizarase a través da Sede Electrónico do Concello da Pontenova situada na seguinte dirección URL:*

***<http://concellodapontenova.sedelectronica.es>***

A Pontenova, 28 de novembro de 2024.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3827

---

## RÁBADE

### *Anuncio*

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 26 de setembro de 2024, no que se aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora do Concello de Rábade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro das Ordenanzas.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.**

**NATUREZA FUNDAMENTO**

**ARTIGO 1**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, que



se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

#### FEITO IMPOÑIBLE

##### ARTIGO 2

Constitúe un feito impoñible da Taxa á prestación do servizo de subministro de auga potable a domicilio, a petición do interesado.

#### SUXEITO PASIVO

##### ARTIGO 3

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

#### RESPONSABLES

##### ARTIGO 4

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### NORMAS DE XESTIÓN

##### ARTIGO 5

O abastecemento de augas potables a este municipio, é un servizo municipal, de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e beneficio do Concello ou no seu caso por xestión indirecta, mediante concesión administrativa.

A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón correspondente, podendo prorratearse por meses.

Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no correspondente Padrón, liquidarase e notificarase ós interesados polo período non declarado, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

Unha vez producida a alta no correspondente Padrón, a liquidación desta taxa farase por procedemento de Padrón ou matrícula.

A cobranza efectuarase mediante recibos bimestrais

#### OBRIGACIÓN DE PAGO

##### ARTIGO 6

A Taxa regulada nesta Ordenanza é esixible no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa abonarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que comece a prestación do servizo.

#### DECLARACIÓN DE ALTA E BAIXA

##### ARTIGO 7

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de alta nos Censos ou Padróns da Taxa e producirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da Taxa e producirá efectos no período seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

#### NORMAS PARA O SUBMINISTRO

##### ARTIGO 8

Elaborarase un Regulamento que terá por obxecto establecer as normas respecto ó servizo de subministro de auga potable.

## CONTÍA

## ARTIGO 9

A contía da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte:

## TARIFA:

## A) ABOADOS DOMÉSTICOS

- Cota de servizo (fixa mensual)		2,18 /abon. mes
- Consumo		
1º bloque	menos de 14 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,27 €/m <sup>3</sup>
2º bloque	14 a 30 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,52 €/m <sup>3</sup>
3º bloque	31 a 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,71 €/m <sup>3</sup>
4º bloque	máis de 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	1,04 €/m <sup>3</sup>

## B) ABOADOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E OBRAS

- Cota de servizo (fixa mensual)		39,29 €/abon. mes
- Consumo		
1º bloque	0 a 30 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,70 €/m <sup>3</sup>
2º bloque	31 a 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,93 €/m <sup>3</sup>
3º bloque	máis de 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	1,16 €/m <sup>3</sup>

## C) DEREITOS DE ENTRONQUE.

A efectos da presente ordenanza enténdese por dereitos de entronque a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento, que será requirida por unha sola vez. Pola contra, enténdese por alta, cada unha das sucesivas altas e cambios de titularidade que no seu caso se produzan ao longo da vida do servizo.

USO DOMÉSTICO: 104,78 €

USO INDUSTRIAL: 261,92 €

## EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

## ARTIGO 10

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na Taxa.

## DEVENGO

## ARTIGO 11

Abonarase a Taxa e nace a obriga de contribuír desde que teña lugar a prestación do servizo mediante xiros bimestrais.

## ENTRADA EN VIGOR

## ARTIGO 12

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de setembro de 2024, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

## FUNDAMENTO E NATUREZA

## Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS

RESIDUAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

#### FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais Municipais.
- b) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipais.
- c) A prestación do Servicio de Depuración de Augas Residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

#### SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios destes servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servico.

#### RESPONSABLES

Artigo 4:

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinale o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### COTA TRIBUTARIA

Artigo 5:

1. A Cota tributaria correspondente a concesión da licenza o autorización da acometida a rede de saneamento esixirase por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de:

DOMESTICO: 104,78 €

INDUSTRIAL: 261,92 €

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servicios de saneamento e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto aplicarse a seguinte Tarifa:

#### T A R I F A

##### SERVICIO DE SANEAMENTO

Abonados domésticos

- Cota de servizo (fixa mensual)		2,62 €/abon. mes
- Consumo en abastecemento		
1º bloque	menos de 14 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,27 €/m <sup>3</sup>
2º bloque	15 a 30 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,52 €/m <sup>3</sup>
3º bloque	31 a 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,71 €/m <sup>3</sup>
4º bloque	máis de 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	1,04 €/m <sup>3</sup>

**Abonados comerciais, industriais e obras**

- Cota de servizo (fixa mensual)		4,36 €/abon. mes
- Consumo en abastecemento		
1º bloque	de 0 a 30 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,71 €/m <sup>3</sup>
2º bloque	31 a 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	0,87 €/m <sup>3</sup>
3º bloque	máis de 60 m <sup>3</sup> /ab.bim	1,31 €/m <sup>3</sup>

**EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS****Artigo 6:**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

**DEVENGO****Artigo 7:**

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo, entendéndose a mesma:

A) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia de acometida, si o suxeito pasivo o formulase expresamente.

B) Desde que teña lugar efectiva a acometida a rede de saneamento municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se houberse obtido o non a licenzia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista saneamento, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida a rede.

**DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO****Artigo 8:**

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán ás declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partires da primeira declaración que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenzia de acometida a rede.

2. As cuotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga. Mediante recibos bimestrais.

3. No suposto de licenzia de acometida o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios de este Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

**DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de setembro de 2024, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Rábade, 28 de novembro de 2024. A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3828

---

**Anuncio**

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 26 de setembro de 2024, no que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanzas fiscal reguladora do imposto de bens inmobles do Concello de Rábade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo,

polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro da Ordenanza.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

#### ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

En uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 60 e seguintes, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, régúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

##### Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- e) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior pola orde establecida nel, determinará a non suxeición do inmovible ó resto das modalidades previstas nel.

3. Teñen a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

##### Artigo 2º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios á parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

##### Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

##### Artigo 4º. Exencións

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 62, apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 62 apartado 2, letras a), b) e c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

3. De acordo co previsto no apartado 3º do artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, declárase exento do pago deste tributo o Centro de Saúde de Rábade, propiedade da Consellería de Sanidade da Xunta de

Galicia-SERGAS. Esta exención condicionase ao mantemento do centro referido á prestación de servizos sanitarios, nos termos do correspondente convenio de cesión.

4. En exercicio da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2004, decláranse exentos por razóns de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo os recibos correspondentes ós inmobles rústicos e urbanos nos que a súa cota líquida non supere a cantidade de seis euros (6,00 €).

5. Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Non obstante, cando o beneficio fiscal solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación o actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artigo 6º. Reducións

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a) Inmable no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude de:

1.º A aplicación da primeira ponencia total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivas ponencias totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 68.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

b) Cando se aprobe unha ponencia de valores que teña dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificado de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo sen necesidade de previa solicitude polos suxeitos pasivos do imposto e non dará lugar á compensación establecida no artigo 9 da lei.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º. Base liquidable

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ó inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota tributaria.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,6 %.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0'6 %.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3 %

### Artigo 9º. Bonificacións

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, construtoras e promotoras, tanto se se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 73 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedícase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, terán unha bonificación do 50% ata a primeira transmisión da vivenda.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido na Lei 20/1990, de 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se atope dita familia constituída como tal.

### Artigo 10º. Período impositivo e de obriga de contribuír do Imposto

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. A obriga de contribuír ó imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios devengados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

### Artigo 11º. Réxime de declaración e de ingreso

1. Ós efectos previstos no artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde física, económica ou xurídica nos bens inmoibles que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse a eles deben ser presentadas á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licenza ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Catastro Inmobiliario e o Real Decreto Legislativo 2/2004.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas entre os días un e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Para as notificadas entre os días 16 e último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iníciase o período executivo, nos termos previstos no artigo 28 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

9. En aplicación da potestade concedida polo artigo 77.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica sitos no Termo Municipal de Rábade, agruparanse nun único documento de cobro sempre que sexa posible.

#### Artigo 12º. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

#### Artigo 13º. Normas de aplicación supletoria.

Para os aspectos non regulados na presente ordenanza serán de aplicación as normas contidas no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e na normativa vixente en materia de xestión tributaria.

#### Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### Disposición derradeira.

A entrada en vigor da presente Ordenanza producirase dende o mesmo día da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Esta ordenanza derroga tódalas ordenanzas anteriores referidas á mesma materia imponible.

Rábade, 28 de novembro de 2024. A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3829

---

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

Aprobados por Decretos da Alcaldía de datas 07 e 28 de novembro de 2024, os padróns do SAF do mes de outubro de 2024 e do 3º Trimestre de 2024 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día



seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establececese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 28 de novembro 2024.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3830

---

## VILALBA

### *Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), expónse ó público, durante o prazo de **15 días hábiles**, a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 46/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesourería, resultante da liquidación do exercicio anterior, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **28/11/2024**, ó obxecto de que durante o dito prazo, os interesados poidan examinalo e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o mesmo órgano que o aprobou, e entenderase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentara ningunha reclamación. No caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

Vilalba, 29 de novembro de 2024.- A alcaldesa, Marta M.<sup>a</sup> Rouco Seoane.

R. 3843

---

## VIVEIRO

### *Anuncio*

JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33.304.022-E, Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.

Visto o Acordo de aprobación da oferta de emprego público en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de data 23 de maio de 2022.

Visto o acordo do Consello de Administración, celebrada o día 14 de decembro de 2022 na que se aprobou por unanimidade a aprobación da proposta das bases xerais que regulan os procesos selectivos, así mesmo a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 22 de decembro de 2022 Núm.291, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas polo Consello de Administración da Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L.", en Viveiro a 14 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo na Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L." (Centro Especial De Emprego De Galicia 47- Gz) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022-Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición

adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do xoves, 22 de decembro de 2022, DOG Núm. 242, publicase o anuncio do extracto da convocatoria, bases xerais e bases específicas que regulan o proceso selectivo para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do sábado, 31 de decembro de 2023, Núm. 314, publicase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan cinco prazas de “AXENTE”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso como persoal laboral fixo de Aparcamientos A Mariña S.L. (Centro Especial de Emprego de Galicia 47-GZ) e en virtude do Acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público ao abeiro da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de “AXENTE” persoal laboral fixo.

Tendo en conta que en data 25 de outubro de 2024, o Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L., acorda nomear aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de “AXENTE” persoal laboral fixo.

Vista a base xeral 9 que sinala “(...) **Lista provisional.**- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional das persoas admitidas e excluídas, que será aprobada pola Presidencia da empresa de Aparcamientos A Mariña SL. Esta proposta ditarase no prazo máximo de 10 días.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 9.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es).

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 4 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 9 da base xeral.

Vista a Proposta do Tribunal en data 05 de novembro de 2024, relativa a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de cinco prazas de “AXENTE”.

**ACORDA :**

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO SELECTIVO DE CINCO PRAZAS DE “AXENTE”:**

**A) ADMITIDOS/AS:**

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	DOMINGUEZ PARENTE MARÍA LUZ	EXENTA
2	LOPES TEIXEIRA PAULO JORGE	EXENTA
3	MARTÍNEZ LÓPEZ ALFONSO	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas).
4	PRIETO CALVO JOSE MANUEL	EXENTA

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
5	RODRÍGUEZ DOCAMPO ROBERTO MANUEL	<b>NON EXENTA</b> (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas).

**B) EXCLUÍDOS/AS:**

Nº	APELLIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	FERNÁNDEZ FRANCO CONSTANTINO	<b>NON EXENTA</b> (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión de ter recoñecido a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ) esixida (Base Xeral ptos. 6 c) base Específica 5 "(...) c) <b>Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente...</b> " "(...) - Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ)..." (Pode ser obxecto de subsanación)
2	GARCÍA FERNÁNDEZ ELOY	<b>EXENTA</b>	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión de ter recoñecido a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ) esixida (Base Xeral ptos. 6 c) base Específica 5 "(...) c) <b>Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente...</b> " "(...) - Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ)..." (Pode ser obxecto de subsanación)
3	MARIÑO CANDIA FRANCISCO MANUEL	<b>NON EXENTA</b> (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión de ter recoñecido a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ) esixida (Base Xeral ptos. 6 c) base Específica 5 "(...) c) <b>Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente...</b> " "(...) - Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ)..." (Pode ser obxecto de subsanación)

A publicación desta lista de admitidos/as de carácter definitiva, abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indican. Esta lista con carácter de definitiva tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na web municipal e no taboleiro de anuncios físico do Concello.

**SEGUNDO.-** Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, segundo establece a base xeral 9.2, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista de admitidos/as con carácter de definitiva no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
GARCÍA FERNÁNDEZ ELOY	<b>Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Viveiro, 29 de novembro de 2024.- O Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal “APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L.”. Jesús Fernández Fernández.

R. 3844

### Anuncio

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 da aceptación da proposta do Tribunal relativa ao proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, entre as que se atopa unha praza de “OFICIAL/A PRIMEIRO MECANICO-SOLDADOR”, na que literalmente di:

“D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de

estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR” persoal laboral fixo.

Vista a base reguladora 14.4 e 14.5, que sinalan “(...)14.4. Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal e orde de aspirantes non seleccionados.

A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de seleccionados, na que constará o aspirante ou aspirantes seleccionados, en base á proposta do Tribunal. Esta resolución conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.

#### 14.5. Publicación da Resolución de Alcaldía.

A Resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia..”

Tendo en conta a proposta do Tribunal data 21 de outubro de 2024, na que literalmente di: “(...) Vista a Acta, cos resultados da proba do galego do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR”.

Vista a Acta de valoración de méritos do Tribunal cualificador.

#### A) BAREMO DE MÉRITOS (Base Xeral 12) :

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 22 de novembro de 2023, realiza as valoracións da fase de concurso ao respecto dos/das aspirantes admitidos/as, e outorga por unanimidade as seguintes puntuacións e cualificacións finais:

NOME E APELIDOS	MESES A1	MESES A2	MESES A3	MESES A4	MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
BLANCO DEVESA ANTONIO	274	149	0	0	0	30,000	* 0,000	30,000
LIZ OROSA OSCAR	0	87	0	0	0	10,440	17,000	27,440
DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	0	0	0	0	0	0,000	20,000	* 20,000
TALADRID AGUIAR MARCO ANTONIO	0	0	0	0	0	0,000	12,500	12,500
CERVO REGO ÁNGEL	0	0	0	0	0	0,000	7,000	7,000
VÁZQUEZ YAÑEZ BRAIS	0	0	0	0	0	0,000	1,250	1,250
DÍAZ GARCÍA BORJA	0	0	0	0	0	0,000	0,500	0,500
GIZ LÓPEZ DIEGO	0	0	0	0	0	0,000	0,500	0,500
PAZ FERNÁNDEZ DAVID	0	0	0	0	0	0,000	0,000	0,000

\* Acadada a máxima puntuación, segundo as bases, constando máis méritos aportados nese apartado.

**B) CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :**

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	BLANCO DEVESA ANTONIO	30,000
2	LIZ OROSA OSCAR	27,440
3	DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	20,000
4	TALADRID AGUIAR MARCO ANTONIO	12,500
5	CERVO REGO ÁNGEL	7,000
6	VÁZQUEZ YAÑEZ BRAIS	1,250
7	DÍAZ GARCÍA BORJA	0,500
8	GIZ LÓPEZ DIEGO	0,500
9	PAZ FERNÁNDEZ DAVID	0,000

**C) RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL (Base Xeral 14.1)**

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal, por unanimidade, formula proposta de selección ante a Alcaldía a favor de **D. ANTONIO BLANCO DEVESA** para a cobertura de unha praza de **"OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR"** no Concello de Viveiro, como persoal laboral fixo ao obter a maior cualificación final.

**D) ORDE DE ASPIRANTES NON SELECCIONADOS (Base Xeral 14.2)**

Á vista do establecido na Base Xeral 13.1, resolución dos empates, e tendo en conta os resultados da valoración dos méritos acreditados polos aspirantes que obtiveron a mesma puntuación total de 0,500 puntos e aplicando os criterios en caso de empate que neste caso sería o 5º.

Á vista do establecido na Base Xeral 14.3 o Tribunal, por unanimidade propón establecer a seguinte orde de aspirantes presentados e baremados que non resultaron seleccionados, para a súa incorporación nunha lista de emprego co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, segundo se establece nas presentes bases.

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	LIZ OROSA OSCAR	27,440
2	DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	20,000
3	TALADRID AGUIAR MARCO ANTONIO	12,500
4	CERVO REGO ÁNGEL	7,000
5	VÁZQUEZ YAÑEZ BRAIS	1,250
6	DÍAZ GARCÍA BORJA	0,500
7	GIZ LÓPEZ DIEGO	0,500
8	PAZ FERNÁNDEZ DAVID	0,000

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia..."

Vista a base xeral 15, que di:

#### **“15. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

*As persoas seleccionadas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.*

##### **15.1 Documentos a presentar:**

*O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:*

*a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.*

*b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

*c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

*d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.*

*e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

*f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.*

##### **15.2. Prazo de presentación.**

*As persoas seleccionadas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

##### **15.3. Lugar de presentación.**

*A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público, de nove a catorce horas de luns a venres.*

*As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, farase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.*

##### **15.4. Falta de presentación de documentos.**

*Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.*

*Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados... ”*

*Resultando que o aspirante proposto polo Tribunal na proposta de selección para a cobertura da praza, segundo a documentación obrante neste Concello, carece nesta fase do procedemento, dos requisitos esixidos para o seu nomeamento, polo que procede a súa exclusión do proceso selectivo.*

#### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Excluir do proceso selectivo ao aspirante **D. ANTONIO BLANCO DEVESA**, ao constatarse nesta fase do procedemento que carece dos requisitos esixidos para o seu nomeamento.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 28 de novembro de 2023 e do 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos primeiro, terceiro e cuarto da presente resolución, coa salvidade da exclusión do aspirante proposto.

**TERCEIRO.-** Declarar como *aspirante seleccionado* a **D. ÓSCAR LIZ OROSA**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR**” (OP0.1/120) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, persoal laboral fixo, toda vez que segundo a proposta do Tribunal é o seguinte aspirante con maior puntuación.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

**“15.1 Documentos a presentar:**

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

**a)** Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.

**b)** Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

**c)** Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

**d)** Copia da tarxeta da Seguridade Social.

**e)** Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

**f)** Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”

**CUARTO.-** Aceptar a proposta do Tribunal como lista de emprego, ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	20,000
2	TALADRID AGUIAR MARCO ANTONIO	12,500
3	CERVO REGO ÁNGEL	7,000
4	VÁZQUEZ YAÑEZ BRAIS	1,250
5	DÍAZ GARCÍA BORJA	0,500
6	GIZ LÓPEZ DIEGO	0,500
7	PAZ FERNÁNDEZ DAVID	0,000

**QUINTO.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería.

Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente...”

Visto que en data 25 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D. Oscar Liz Orosa, designando a D. Emilio Jose Doce Fojon, como seguinte



aspirante con maior puntuación, como aspirante seleccionado para ocupar a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR” (OP0.1/120) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais.

Visto que en data 28 de novembro de 2024, D. Emilio Jose Doce Fojon presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro renuncia a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR” (OP0.1/120) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais.

Visto o establecido no punto 15.4 das bases xerais, que di: “(...)15.4. **Falta de presentación de documentos.**

*Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsedade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.*

*Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados...”*

#### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a renuncia presentada por D. Emilio Jose Doce Fojon, decaendo do seu dereito a ser nomeado Persoal Laboral Fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR” (OP0.1/120) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, persoal laboral fixo, para o que fora seleccionado.

**SEGUNDO.-** Designar ao seguinte aspirante con maior puntuación segundo a orde de aspirantes non seleccionados, **D. MARCO ANTONIO TALADRID AGUIAR**, como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO MECÁNICO-SOLDADOR” (OP0.1/120) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

#### **“15.1 Documentos a presentar:**

*O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:*

**a)** *Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.*

**b)** *Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

**c)** *Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

**d)** *Copia da tarxeta da Seguridade Social.*

**e)** *Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

**f)** *Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”*

**TERCEIRO.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería. Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 29 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, O Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 3845

### Anuncio

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan catro prazas de **“OFICIAL/A PRIMEIRO CONDUCTOR”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de catro prazas de **“OFICIAL/A PRIMEIRO CONDUCTOR”** persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións de 28 de novembro de 2023 e 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. Víctor Baz López, Dna. Mónica Escourido Ferro, D. Manuel Solloso Fernández e Dna. Lucía Yáñez Del Río, como **aspirantes seleccionados**, para ocupar en propiedade catro prazas vacantes de **“OFICIAL/A PRIMEIRO CONDUCTOR”** na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, como persoal laboral fixo...”

Vista a base xeral 15, que sinala **“(…)15. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

*As persoas seleccionadas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os seguintes*

requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.

#### **15.1 Documentos a presentar:**

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

**a)** Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.

**b)** Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

**c)** Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

**d)** Copia da tarxeta da Seguridade Social.

**e)** Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

**f)** Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.

#### **15.2. Prazo de presentación.**

As persoas seleccionadas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **15.3. Lugar de presentación.**

A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público, de nove a catorce horas de luns a venres.

**As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, farase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.**

#### **15.4. Falta de presentación de documentos.**

Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsedade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados...”

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(...) **16. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.**

#### **16.1 Órgano competente.**

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

#### **16.2. Publicación.**

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

#### **16.3. Remate do proceso selectivo.**

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembre de 2024.

## **17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.**

### **17.1. Prazo.**

*A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuaresse no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.*

### **17.2. Falta de toma de posesión.**

*De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.*

### **17.3. Requisitos.**

*O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”*

Visto que en data 27 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D<sup>a</sup>. Lucía Yáñez del Río, designando a D. Julio César Rodríguez Piñón, como seguinte aspirante con maior puntuación, como aspirante seleccionado para ocupar unha das prazas vacantes de **“OFICIAL/A PRIMEIRO CONDUCTOR”**.

Visto que en data 26 de novembro de 2024 e número de rexistro no Concello de Viveiro 2024-E-RE-3802, Dna. Mónica Escourido Ferro presenta parte da documentación requerida segundo o punto 15 das bases xerais para ocupar en propiedade unha das prazas vacantes **“OFICIAL/A PRIMEIRO CONDUCTOR”** na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro.

Rematado o prazo de 20 días hábiles para a presentación da antedita documentación por parte dos aspirantes seleccionados, e revisada a documentación presentada por Dna. Mónica Escourido Ferro, en consonancia coa documentación obrante neste Concello, non tendo presentado a totalidade da documentación prevista na base 15.1, e non constando concorrencia de causa de forza maior conforme á doutrina xurisprudencial, conséntase que a aspirante **DNA. MÓNICA ESCOURIDO FERRO**, carece dos requisitos esixidos para o seu nomeamento, polo que procede a súa exclusión e tramitación do procedemento establecido na base 15.4, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado,

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Excluir do proceso selectivo á aspirante **DNA. MÓNICA ESCOURIDO FERRO**, ao constatarese, segundo a documentación presentada pola aspirante e a documentación obrante nas dependencias do Concello de Viveiro, que carece dos requisitos esixidos para o seu nomeamento.

**SEGUNDO.-** Determinar a tramitación do procedemento establecido na base xeral 15.4, acordando designar á seguinte aspirante con maior puntuación segundo a orde de aspirantes non seleccionados, **DNA. NAZARET YÁÑEZ MARTÍNEZ**, como aspirante seleccionada para ocupar en propiedade unha das prazas vacantes de **“OFICIAL/A PRIMEIRO CONDUCTOR”** na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

### **“15.1 Documentos a presentar:**

*O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:*

**a)** *Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.*

*b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

*c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

*d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.*

*e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

*f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”*

**TERCEIRO.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, para coñecemento dos interesados/as.

**CUARTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería. Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñerse alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxucio de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 29 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, O Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 3846

---

### Anuncio

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do xoves, 26 de xaneiro de 2023, Núm. 22, publicase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A**”, persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 14 de novembro de 2024, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal a favor de Dña. Nazaret Yáñez Martínez, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A**” (AS1-/153) na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, como persoal laboral fixo...”

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(…) **14. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.**

#### **14.1 Órgano competente.**

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 13.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

#### **14.2. Publicación.**

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

#### **14.3. Remate do proceso selectivo.**

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

### **15. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.**

#### **15.1. Prazo.**

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

#### **15.2. Falta de toma de posesión.**

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

#### **15.3. Requisitos.**

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que a aspirante seleccionada presentou a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 13 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do

Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.**-Nomear a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTÍNEZ**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A**” (AS1-/153) na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para o posto de traballo na RPT.

O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

**SEGUNDO.**- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

**TERCEIRO.**- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 29 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, O Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 3847

---

#### *Anuncio*

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan dúas prazas de “**OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego

temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A” persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** *Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións de 28 de novembro de 2023 e 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.*

**SEGUNDO.-** *Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. Jose Escourido Fernández e D. Roberto Zuheros Pérez, como aspirantes seleccionados, para ocupar en propiedade dúas prazas vacantes de “OFICIAL/A PRIMEIRO FONTANEIRO/A” na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, como persoal laboral fixo, como persoal laboral fixo...”.*

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(...) **16. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

#### **16.1 Órgano competente.**

*A Alcadesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.*

#### **16.2. Publicación.**

*A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.*

#### **16.3. Remate do proceso selectivo.**

*A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.*

### **17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.**

#### **17.1. Prazo.**

*A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.*

#### **17.2. Falta de toma de posesión.**

*De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.*

#### **17.3. Requisitos.**

*O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”*

Visto que en data 14 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D. Roberto Zuheros Perez, como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A”

Visto que en data 25 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D. Emilio Doce Fojón, como seguinte aspirante con maior puntuación para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A”

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que os/as aspirantes seleccionados/as presentaron a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do



Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **D. Jose Escourido Fernández e D. Brais Vázquez Yáñez**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade as dúas prazas vacantes **“OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A”** na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para cada posto de traballo na RPT en consonancia co disposto na normativa vixente.

**SEGUNDO.-** O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron dúas prazas vacantes **“OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A”** coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (OP0.1/127 e OP0.1/128) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopan desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de **“OFICIAL/A PRIMEIRO/A FONTANEIRO/A”** ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

**CUARTO.-** Notificar a presente Resolución os/ás interesados/as, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 29 de novembro de 2024. A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, O Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 3848

---

#### Anuncio

